

## Tintas pasadas: o que foi 2012



- 1 -



Biblioteca  
Facultade de Ciencias da Educación

www.educacion.udc.es/biblioteca  
bibedu.blogaliza.org

educacion.bib@udc.es

Decembro 2012 –  
Xaneiro 2013

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE  
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

**ALFIN.** 10 cursos de grupos para alumnos e 1 grupo de docentes, un total de 320 usuarias/os.

1. Manexo de fontes principais de información para Ciencias da Educación. Iniciación e avanzado (primeiro ciclo e master)
2. Manexo de xestores de referencia bibliográficos. Refworks
3. Acceso e xestión da información. Utilización dos recursos electrónicos da biblioteca.

### ACTIVIDADES CULTURAIS

Exposicións no Recuncho de lectura: *Lara Pintos* e *Rubén Mariño Lamas*.

Proxección *Angola: miradas desde a infancia*, de José Manuel Malheiro Gutiérrez.

Concurso e exposición “*Felicidade clandestina*”, en colaboración con Patricia Carballal Miñán. Exposición nas peceiras de creatividade de *SCD Malpica: 40 anos de fútbol*, de Héctor Pose e Luis Porto, *A alimentación*, fondo antigo da Biblioteca.

II Convocatoria de mail art: *A memoria ferida: memoria e esquecemento*, en colaboración coa Universidade de Vigo. Exposición de obras e obradoiro sobre mail art a cargo de Manoel Bonabal.



É Tinta-E No 2012 a Biblioteca pon a disposición das usuarias e usuarios 10 ereaders, como un primeiro paso para a integración do libro electrónico na Biblioteca.

Esta iniciativa enmárcase dentro do *Proxecto de achegamento da lectura á comunidade universitaria*, especialmente ao alumnado.

Propician este servizo:

- Necesidade lectora.
- Capacidade tecnolóxica avanzada da maior parte dos usuarios e usuarias da biblioteca.
- Incremento do libro electrónico no mercado.
- Proliferação de dispositivos móbiles para acceder á información.
- Realización en outubro de 2010 das Xornadas “O libro electrónico: presente e futuro na biblioteca e no ensino” organizadas pola Biblioteca.



En 2012 incorpóranse ao fondo da biblioteca do noso centro 1422 monografías e 124 dvds. O número de revistas diminuíu debido ás restriccións económicas, contando na actualidade con 652 títulos de revistas en papel (abertas e pechadas) e perto de 800 electrónicas.

## Decembro 2012

### DE BOA TINTA

#### “Achegate ao cómic”

Exposición de obras de banda deseñada, manga e anime dos fondos da biblioteca, así como dalgunhas figuras anime cedidas para a mostra pola librería online Endo Books.

Datas: Ata o 15 de decembro  
Lugar: Peceiras de creatividade



Biblioteca

15 de novembro  
15 de decembro

Facultade de Ciencias da Educación  
bibedu@uniza.org

#### “O principio”

Exposición. A Biblioteca da Facultade colabora nas xornadas *Ráfagas de educación para a paz*, coa exposición dalgunhas das ilustracións do álbum “O principio”, realizadas por Sonja Danowski. Ademais o martes 4 de decembro, ás 13 horas, Paula Carballeira, autora do texto, presentará o libro no Salón de actos.

Datas: do 28 de novembro ao 15 de xaneiro de 2013.  
Lugar: Recuncho de lectura da Biblioteca e salón de actos.



#### “O clube do medo”

Charla sobre o proceso creativo na narración e no comic, coa presentación do libro “El Club del miedo”, por Mariano Casas, creador e ilustrador galego.  
Datas: 12 de decembro  
Lugar: Salón de Graos da Facultade



#### "Autor público, autor en privado"

Héctor M. Pose

Da investigación á publicación, da lectura á escrita. Velaí o profesor, a persoa.

Datas: Do 15 de decembro ao 30 de xaneiro de 2013  
Lugar: Peceiras de creatividade

ALFIN: máis alá da tinta

**Manexo de fontes principais de información para Ciencias da Educación. 2ª parte**

Datas: 17 decembro  
Público: 1º ciclo

**Avaliación da produción científica. Asesoramento dende a Biblioteca.**

## Xaneiro 2013

ALFIN: máis alá da tinta

**Obradorio de ALFIN. Preparación dun Traballo de Fin de Grao.**

Datas: 2ª quincena de xaneiro  
Público: Docentes

